

Servizo de realización, desenvolvemento e avaliación dunha campaña de comunicación para o proxecto “ESPAZOCOOP EMPRENDE. Servizo de dinamización, apoio e acompañamento para emprender en cooperativa”



Condicions de contratación

OBJECTO DO CONTRATO

Convócase un concurso público, baixo os principios de publicidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a contratación dun servizo de desenvolvemento dunha campaña de comunicación propia para o proxecto ESPAZOCOOP EMPRENDE, que conta con financiamento do Fondo Social Europeo Plus para o período 2021-2027, a través do organismo intermedio [CEPES](#), no marco do Programa de Emprego, Formación, Educación e Economía Social (EFESO).

PROCEDEMENTO

Procedemento aberto e simplificado de adjudicación, preferente, para as cooperativas socias da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

CONTRATANTE

A Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.

CONTIDO DO SERVIZO

- O servizo ten como obxectivo a realización da campaña de comunicación ,e da xestión integral do servizo de comunicación e realización de eventos, para o referido proxecto.

- A dita campaña se artellará baixo os obxectivos de:

- Comunicar, informar, visibilizar e difundir o proxecto cunha estratexia comunicativa diversa, co fin de conseguir unha comunicación, publicidade e promoción óptima, tanto do financiamento público coma do proxecto, no marco del Programa EFESO, para o período 2023-2029.
- Visibilizar e informar do desenvolvemento das actuacións programadas; difundir o alcance e resultados das mesmas, e garantir que o público obxectivo e destinatario final é coñecedor dos eventos, actividades e resultados.
- Captar persoas e entidades beneficiarias do proxecto.

- Contará cunha proposta concreta para cada unha das seguintes prestacións mínimas:

Actuacións e medidas en redes sociais

- Empregar as redes sociais propias de EspazoCoop para realizar o servizo de comunicación, aumentando a comunidade e a difusión nas redes sociais da Unión. Con tal motivo, crear unha páxina de empresa de EspazoCoop en LinkedIn propia do proxecto, no marco do Programa EFESO.

- Crear unha identidade gráfica específica (nome, claim, logo, tipografía, cores), que será a base para crear o resto de materiais de deseño.
- Elaborar banners estáticos, e banners animados, como material de difusión básico para redes sociais.
- Desenvolver un plan de community management durante o período de duración dos servizos (en base a un calendario estable de publicacións semanais en FB, X, LinkedIn e IG: podendo incluír novas, publicacións, imaxes, vídeos e artigos, empregando hashtags para fomentar o alcance e a viralidade). Mínimo 4 por mes por rede.
- Monitorizar as redes sociais (seguimento das mencións, tendencias e conversas relevantes para o Programa), e favorecer a interacción coa audiencia.
- Elaborar 4 mini vídeos adaptados a redes sociais, que recollerán as características do Programa, os seus valores e oportunidades: un de presentación do proxecto, un con protagonistas que porán en valor o proxecto, un de presentación de resultados, e un de documentación dos eventos que se celebren.
- Os materiais rexeranse polo Manual de comunicación propio do EFESO (FSE+), e recollerán os logos e información do cofinanciamento do FSE+ (emblema europeo, hashtag, referencia explícita no texto a este fondo ou ao Programa EFESO ao que cofinancia, ou unha combinación de varias opcións), do establecido polo organismo intermedio e doutros posibles cofinanciadores.

Actuacións e medidas en medios de comunicación (prensa, radio, web, medios dixitais, ...)

- Fomentar a presenza en medios de comunicación do programa mediante un gabinete de prensa que canalice os momentos informativos, que ademais redactará os materiais necesarios para a difusión e promoción do programa. Asumirá a realización de notas de prensa, convocatorias de prensa, discursos e xestión de medios.
- Crear unha *landing page* para aglutinar a información do programa e dispor dun espazo online (na web de EspazoCoop).
- Elaborar información sobre o programa para o Boletín semanal de EspazoCoop, cada tres meses, coincidindo coas actualizacións e novidades da *landing page*.
- Crear contido para Youtube, cos diferentes materiais que se elaboren, como *banners* dinámicos, mini vídeos, vídeos de documentación de eventos.
- Elaborar campaña de publicidade en medios de comunicación online anualmente.
- Producción de carteis e folletos, para as diferentes actividades, xornadas e eventos do programa. Mínimo 4.000 folletos e 600 carteis durante os anos de duración do programa, e tamén realizar envíos destes materiais a lugares de interese.

Eventos públicos

- Organización de eventos públicos: están previstos catro xornadas para a presentación (1), seguimento (2) e presentación de resultados (1).

PRAZO DE EXECUCIÓN

O servizo comezará o día seguinte da comunicación da adxudicación, e estará axustado ao período de execución do proxecto, previsto ata 31/08/2029, se ben a proposta virá detallada por anualidades, e será anualmente revisable segundo o acordado entre as partes, en función de posibles axustes ou reformulacións do proxecto financiado, en termos de redución de orzamento global ou de prazos de execución.

ORZAMENTO

Importe máximo ata finais de 2026, IVE non incluído (orzamento aprobado actualmente)37.520,00 euros

Importe máximo para todo o proxecto (2024-31/08/2029), IVE non incluído parcialmente en reserva70.250,00 euros

PREZO DA OFERTA ECONÓMICA

As licitadoras incluirán nas súas propostas o detalle orzamentario por bloques de actividades e anualidades, ata 2029, así como o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sendo este imposto unha partida independente.

No prezo da oferta económica estarán incluídos todos os gastos nos que incorran para a realización do traballo (persoal, impostos, medios técnicos e materiais, desprazamentos e xestións varias), así como os seguros de Responsabilidade Civil e outros propios da actividade económica.

O prezo do contrato no importe acordado non sufrirá ningunha variación ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que, por virtude de disposicións laborais, se modificaran os salarios, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

Cada licitadora poderá presentar só unha proposta. A mesma deberá detallar o importe das partidas que compoñen o prezo total, así como o IVE en vigor, e o importe total en euros.

A oferta tamén deberá conter a xustificación da proposta, na que se definan os obxectivos a acadar, e a estratexia para a implantación do servizo.

Na mesma valorarase o grao de definición e detalle, plan de traballo e programación, grao de innovación e/ou orixinalidade da proposta, adecuación dos recursos materiais e cadros de persoal ao servizo, e as melloras presentadas en relación ós "Contidos do Servizo" establecidos.

Cando corresponda, deberá presentarse, ademais, documentación vinculada a:

+ Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: Acreditarase cos currículos vitae de cada profesional proposto, debida e individualmente asinados e a correspondente acreditación documental da titulación e/ou experiencia profesional.

+ O seguro de responsabilidade profesional que cubra cando menos o importe total do prezo do servizo adxudicado, acreditarase con copia fiel da póliza contratada onde figure dito importe asegurado.

+ Medidas de Responsabilidade Social: Acreditaranse a través de documentos como Balance Social, Auditoría Social, Plan de Igualdade e/ou Memoria de Sostibilidade.

+ Proxecto/s de intercooperación con outras socias, e acreditación da intercooperación en redes

As ofertas deberán presentarse vía correo electrónico ao enderezo lucia@espazo.coop, co asunto **OFERTA COMUNICACIÓN EFESO**, e acuse de recibo, **entre o 9 o 21 de febreiro de 2024 ás 14.00 h. (hora peninsular)**.

MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes ao equipo técnico de EspazoCoop.

Avaliaranse as propostas recibidas de forma obxectiva, e segundo os criterios para a adxudicación do contrato. Proporá a adxudicación a favor da licitadora que maior puntuación obteña polos criterios e melloras incluídas. No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, será concedido un novo prazo de tres días hábiles para presentación de melloras, mantendo os criterios para a adxudicación.

A adxudicación positiva e negativa notificarase a través de correo electrónico ás licitadoras e publicarase na web de EspazoCoop.

No caso de que o órgano de contratación estime preciso verificar a personalidade xurídica, capacidade de obrar, o apoderamento, ou se as prestacións do contrato están dentro do seu obxecto social, fins ou ámbito de actividade, poderá requirir á licitadora para que presente a correspondente documentación acreditativa dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel do envío do requirimento. O mesmo realizarase en todo caso á empresa que obteña a mellor puntuación mediante comunicación electrónica.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E MELLORA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Ser cooperativa afiliada a EspazoCoop	4 puntos	Máx. 20%
Ser cooperativa non afiliada a EspazoCoop	2 puntos	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	1 punto	
Experiencia profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da Entidade e Currículo Vitae das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios con EspazoCoop (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 puntos	Máx. 15%
Proposta Técnica con inclusión de melloras	Ata 6 puntos	Máx. 25%
Grao de Intercooperación: - Proxecto de intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: Coop57 Galicia, Reas Galicia, etc. - Grao de participación nas actividades da Unión de Cooperativas EspazoCoop	Ata 1 punto	Máx. 10%
Oferta Económica	Ata 4 puntos	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance Social, Plans de Igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respectuosos coa contorna, Memorias de Sostibilidade, colaboración con entidades sociais.	Ata 1 punto	Máx. 10%

MELLORAS A VALORAR

Actuacións e medidas en redes sociais

- Detalle dos canais propios e dos recursos a elaborar.
- Indicadores cuantitativos e cualitativos de impacto.
- Proposta de plan de community management durante o período de duración dos servizos (en base a un calendario periódico e estable de publicacións semanais en FB, X, LinkedIn e IG).
- Uso de ferramentas de análise para medir e avaliar o impacto en redes sociais.
- Proposta de elaboración de recursos (mini vídeos).
- Complementariedade coas actuacións de comunicación xa existentes de EspazoCoop.

Actuacións e medidas en medios de comunicación (prensa, radio, web, medios dixitais, ...)

- Cuantificación e/ou valoración das notas de prensa, convocatorias de prensa, discursos, xestión de medios.
- Complementariedade co Boletín semanal de EspazoCoop, e outras actuacións de comunicación existentes.
- Proposta de incidencia en medios convencionais.
- Proposta de contidos para Youtube, cos diferentes materiais que se elaboren.
- Campaña de publicidade en medios de comunicación.
- Producción de carteis e folletos, para as diferentes actividades, xornadas e eventos do programa.

Eventos públicos

- Proposta de organización de eventos públicos (público obxectivo, formato, medios).

No non previsto no presente prego, aplicarase o contemplado no procedemento interno de contratación de EspazoCoop, dispoñible para descarga na sección de "Transparencia" da web da Unión: [aquí](#)

PROPIEDAD E PROTECCIÓN DOS RESULTADOS DOS TRABALLOS

Todos os materiais, resultados e traballos realizados ao abeiro do contrato pertencerán á Unión de Cooperativas EspazoCoop, e nos termos que o programa marco FSE+ determine. Os dereitos de autoría e calquera outro dereito de propiedade sobre os traballos realizados, a excepción daqueles sobre os que exista algún dereito preexistente, pertencerán única e exclusivamente a dita Unión.

CONFIDENCIALIDADE

A licitadora ou adjudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, queda expresamente obrigada:

+ A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela.

+ A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei; esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.

+ A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.

+ A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O pago do prezo do contrato efectuarase con carácter mensual ou trimestral, a convir entre as partes, previa presentación, por quen sexa contratista, das correspondentes facturas e da realización das accións convidadas para o mesmo período de facturación.

As facturas emitiranse por acordo entre a adjudicadora e adjudicataria, sendo unha delas á finalización dos servizos.

Terán carácter contractual, alén do propio contrato de servizos, este documento de condicións de contratación e o protocolo de contratación de servizos da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

INFORMACIÓN VINCULADA Á PRESTACIÓN DO SERVIZO

O programa enmárcase no tipo de proxecto: Itinerarios personalizados de emprendemento en economía social

Fin do proxecto: creación de novas empresas e empregos no cooperativismo e mellora da calidade e eficiencia dos servizos de apoio e acompañamento ás empresas cooperativas.

El obxectivo do proxecto é aumentar as competencias emprendedoras, e a supervivencia empresarial, mediante o asesoramento e o acompañamento de grupos promotores para a posta marcha de novos proxectos, mediante un itinerario personalizado de formación e acompañamento destinado a definir a idea de negocio, analizar tanto a viabilidade técnica como económica e organizativa do proxecto empresarial (plan de empresa) e acompañar no proceso de constitución e posta en marcha, a nivel societario e empresarial; ó tempo que acompañar na súa consolidación inicial durante os primeiros 18 meses.

Os obxectivos específicos, cara os que as accións a desenvolver por EspazoCoop serán orientadas, son:

- Aumentar as iniciativas de autoemprego en cooperativista, a través do fortalecemento das competencias emprendedoras, asegurando a creación de novas empresas cooperativas, como modelo de emprego estable.
- Desenvolver itinerarios personalizados de asesoramento ás persoas emprendedoras nos procesos de maduración do proxecto, constitución, tramitación de axudas para creación e da posta en marcha da cooperativa, asegurando a súa viabilidade e incrementando as posibilidades de supervivencia (período semente)
- Mellorar o coñecemento sobre o cooperativismo entre as persoas emprendedoras, as prescriptoras de emprendemento e a sociedade en xeral, dando a coñecer as súas potencialidades como ferramenta de creación de emprego, contribuíndo á transformación cara unha sociedade competitiva, sostible, social e inclusiva.

CADROS DE PERSOAL

O equipo de persoas e materiais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da empresa ou entidade adjudicataria.

A empresa licitadora deberá presentar na súa oferta o equipo de traballo que levará a cabo o servizo se resulta adxudicataria do contrato. Este equipo de traballo estará liderado por unha persoa coordinadora de proxecto que actuará como única interlocutora ante a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

A empresa que resulte adxudicataria deberá acreditar, mediante currículo, os perfís profesionais do equipo de traballo que prestará os servizos, e indicará as funcións que desenvolverá cada unha das persoas membro do equipo. Para a realización das prestacións obxecto do servizo, a empresa adxudicataria deberá adscribir ao contrato a persoas con formación e/ou experiencia demostrable de, como mínimo, 5 anos nas devanditas prestacións, que deberá ser acreditara.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop resérvase o dereito a solicitar o cambio de calquera das persoas compoñentes do equipo de traballo da empresa adxudicataria, no caso de considerar que non se adapta ao perfil ou calquera outro motivo técnico na formación ou calidade dos traballos desenvolvidos.

A empresa que resulte adxudicataria non poderá subcontratar o traballo obxecto deste contrato.

RECURSOS MATERIAIS E TÉCNICOS

O prezo do contrato debe incluír os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do servizo. As empresas ou entidades adxudicatarias porán a disposición do servizo os medios materiais, técnicos e de instalacións necesarios para desenvolver as prestacións obxecto do servizo, garantindo o seu mantemento durante toda a vixencia do contrato; así como seguros de responsabilidade civil profesional, e demais seguros necesarios para a realización das distintas prestacións do servizo.

DIRECCIÓN E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

A dirección deste servizo por parte da Unión de Cooperativas EspazoCoop recaerá na persoa designada pola entidade ou na persoa responsable na que esta delegue.

A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, a unha persoa que estará encargada da relación coa Unión de Cooperativas EspazoCoop, a efectos de estar coordinados, e de trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento que a Unión estime oportunas para a correcta execución do traballo.

A adxudicataria non poderá efectuar ningunha modificación no programa dos traballos ofertados sen a previa autorización da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Durante a execución dos traballos obxecto deste contrato, a empresa adxudicataria comprométese a facilitarlle en todo momento á Unión de Cooperativas EspazoCoop e, se é o caso, ás persoas designadas por esta para tales efectos, a información e documentación que soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento e circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos eventuais problemas que poidan presentarse e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizadas para resolvelos.

A empresa deberá asistir a todas cantas reunións de coordinación e seguimento sexan convocadas pola Unión de Cooperativas EspazoCoop.

IMAXE CORPORATIVA

No material e contido realizado en execución deste contrato deberá incluírse a imaxe de EspazoCoop, facilitando ó inicio do contrato os manuais de identidade corporativa EspazoCoop e os propios do programa, no marco do financiamento FSE+, e do organismo intermedio CEPES, así como doutros posibles cofinanciadores.

CONSULTAS

As licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 623 301 531 ou ao correo electrónico lucia@espazo.coop

Persoa de contacto: Lucía Mendoza

En Santiago de Compostela 9 de febreiro de 2024